



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NARÓN

Secretaría

Plan normativo 2025. Aprobación inicial de varios regulamentos/modificacións

ANUNCIO

O pleno municipal do Concello de Narón na sesión celebrada o 29 de xuño de 2017 prestou aprobación ás directrices sobre a planificación, revisión e procedemento de elaboración das ordenanzas e regulamentos municipais do Concello de Narón (vid. BOB nº 127, do 6 de xullo de 2017).

Ese mesmo órgano, na sesión celebrada o 31 de outubro de 2024, aprobou o concreto contido do plan normativo para 2025, no que se recollían as propostas regulamentarias a aprobar neste período, resultando a alcaldía municipal competente para a súa impulsión; e a súa posterior publicación no portal municipal de transparencia.

Efectuados que o foron os devanditos trámites; evacuándose igualmente un trámite de consulta previa e outro trámite de audiencia e información pública na Sede/electrónica ou na aplicación denominada Narón-Participa para cada unha destas disposicións normativas.

(<https://naron-participacion.tao.es/>)

Aprobadas inicialmente polo Pleno municipal na sesión celebrada o 25 de setembro de 2025, as normas xurídicas incluídas naquel plan normativo, procede agora a súa exposición pública nos termos legalmente previstos, publicándose así os anuncios que se recollen de seguido:

ANUNCIO DE APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DE ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN

Aprobada inicialmente polo Pleno municipal de Narón o REGULAMENTO DE ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN, sométese este acordo a información pública e audiencia dos interesados, con esta publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios ou edictos, electrónico do Concello de Narón, polo prazo de trinta días, para que poidan presentarse reclamacións ou suxestións que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

ANUNCIO DE APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE NARÓN

Aprobada inicialmente polo Pleno municipal de Narón a MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE NARÓN, sométese este acordo a información pública e audiencia dos interesados, con esta publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios ou edictos, electrónico do Concello de Narón, polo prazo de trinta días, para que poidan presentarse reclamacións ou suxestións que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

ANUNCIO DE APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DO ARQUIVO MUNICIPAL DO CONCELLO DE NARÓN

Aprobada inicialmente polo Pleno municipal de Narón o REGULAMENTO DO ARQUIVO MUNICIPAL DO CONCELLO DE NARÓN, sométese este acordo a información pública e audiencia dos interesados, con esta publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios ou edictos, electrónico do Concello de Narón, polo prazo de trinta días, para que poidan presentarse reclamacións ou suxestións que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Narón, 30 de setembro de 2025

A alcaldesa

Asdo.- Marián Ferreiro Díaz.